

CURSO 2021/2022

AVALIACIÓN POR COMPENSACIÓN (DESPOIS DA OPORTUNIDADE ADIANTADA)

Presentación de solicitudes: *Na secretaría da facultade*

Prazo de presentación: *Do 20 de decembro do 2021*
ao 12 de xaneiro do 2022
(ambos incluídos)

REQUISITOS DOS SOLICITANTES

1. Que, matriculados en calquera titulación oficial, cursasen, polo menos, o 50% desta na Universidade da Coruña.
2. Que só lles reste unha materia para finalizar os estudos da titulación correspondente (coa excepción do Proxecto de Fin de Carreira, Traballo de Fin de Grao e Traballo de Fin de Máster), e non transcorresen máis de tres cursos académicos desde a última convocatoria suspensa.
3. Para as titulacións de Grao e Máster: Que se teñan presentado, como mínimo, a tres oportunidades de avaliación da materia que solicitan compensar. Se a materia pertence ao derradeiro curso da titulación, ou non estivese asociada a un curso do título en concreto, bastará con que se teñan presentado a dúas oportunidades.
4. Que nunha das oportunidades ou convocatorias obtiveran unha cualificación igual ou superior a 3,5 sobre 10, na materia para a que se solicita a compensación, ou ben igual ou superior ao 60% da nota media desa materia no curso académico anterior ao da solicitude da compensación, calculada sen contabilizar os "non presentados".
5. Que a nota media do seu expediente académico, sen computar a materia en que solicita a compensación, sexa igual ou superior ao o 80% da nota media da súa titulación na última promoción con dereito a docencia.
6. Que estean matriculados da materia en que solicitan compensación, sempre que a normativa vixente llo permita. En caso contrario deberán matricularse desa materia só aos efectos de concorrer ao procedemento de avaliación por compensación.

A Coruña, decembro do 2021

O decano
Manuel Alberto Gómez Suárez

Código Seguro De Verificación	Y07JAx+I2oh/36bI5iIt4Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Economía e Empresa - Manuel Alberto Gómez Suárez	Asinado	03/12/2021 13:15:44
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Y07JAx+I2oh/36bI5iIt4Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

